

José Blanco intervirá este venres na xuntanza veciñal organizada polo PSOE e UUAA en Monterroso sobre o fin das cotas lácteas e a supertaxa

O encontro que leva por nome *“Situación do sector lácteo na provincia de Lugo. A supertaxa”*, e que está impulsado pola secretaría de Medio Rural, desenvolverase a partires das 21.30 horas, no centro sociocultural de dito municipio. Tamén intervirá o secretario Xeral deste Sindicato –Roberto García–

Trátase da segunda iniciativa que leva a cabo a executiva provincial. A primeira desenvolveuse en Cospoite, no mes de outubro, e dá continuidade ao compromiso adquirido en agosto de manter reunións cos gandeiros afectados para dar resposta ás múltiples dúbidas que ten o sector sobre este asunto

LUGO, 5 DE NOVIEMBRE DE 2014.- O Partido Socialista, en colaboración con Unións Agrarias, analizará este venres en Monterroso as consecuencias que teñen para a comarca da Ulloa o fin das cotas lácteas e a supertaxa. Será a través da xuntanza veciñal que organiza a secretaría de Medio Rural e coa que a executiva provincial dará a coñecer, de primeira man, o momento actual que está a afrontar o sector, así como a súa perspectiva de futuro, co fin de trasladala ás administracións responsables, e que en Galicia é a Xunta e, en España, o Ministerio de Agricultura.

Para elo, a dirección do Partido contará coa presenza do deputado no Parlamento Europeo –José Blanco–, o secretario Xeral de UUAA en Galicia- Roberto García-, os secretario Provincial e de Medio Rural –Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco-, e o alcalde de dito municipio –Antonio Gato Soengas-. Deste xeito, o encontro, que leva por nome *“Situación do sector lácteo na provincia de Lugo. A supertaxa”*, desenvolverase a partires das 21.30 horas, no centro sociocultural de dito concello.

2º encontro

Trátase do segundo encontro que leva a cabo a executiva provincial sobre esta materia. O primeiro, que se desenvolveu no centro social de Arneiro (Cospoite), no mes de outubro, contou coa presenza de máis de 100 gandeiros e produtores lácteos da Terra Chá.

Deste xeito, a executiva provincial resposta ao compromiso adquirido en agosto de manter xuntanzas cos titulares de explotacións afectadas para aclarar as múltiples dúbidas que teñen sobre este asunto. Neste senso, os socialistas, ao igual que fixeron coas Políticas Agraria e Pesqueira Cumún, continúan co seu obxectivo de coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos para deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia dende o punto de vista social, económico e industrial.

Repercusións da supertaxa

Galicia é unha das 10 primeiras rexións europeas en produción leiteira. Produce case o 40% de todo o leite de España, uns 2,5 millóns de litros, cun valor económico de 828 millóns de euros, uns 137.000 millóns das antigas pesetas, que equivalen a preto do 1,5% do PIB galego.

Sen embargo, supera o límite de produción en máis de 300 millóns de quilos, situándose entre as tres Comunidades españolas que máis rebasarán a cota láctea este ano. Isto provoca, que case o 70% dos gandeiros galegos se arrisquen a unha multa por exceder a cantidade asignada. É dicir, uns 6.536 gandeiros de Galicia poderían ser multados ao final da campaña láctea. En Lugo, estes profesionais poderían pagar case 28 céntimos por litro que se exceda a cota.